

Proposta de resolución provisional

CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA DE CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

1. Antecedentes:

Por Resolución do 16 de decembro de 2019 (DOG nº 4, do 8 de xaneiro de 2020), publicáronse as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa de centros de fabricación avanzada), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedeuse á súa convocatoria, por trámite anticipado de gasto, en réxime de concorrencia competitiva.

Estas axudas fináncianse no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, que ten unha taxa de cofinanciamento Feder do 80%, computándose como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 20% restante. En particular:

Obxectivo temático 03: mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).

Prioridade de investimento 03.04: apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación.

Obxectivo específico 03.04.01: promover o crecemento e a consolidación das pemes, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoios avanzados; incluíndo os sectores agrícola pesqueiro, mariño, marítimo, turístico, así como as pemes (...).

Actuación 3.4.1.3: apoio a proxectos de investimento empresarial para promover o crecemento e consolidación das pemes.

Campo de intervención CE001: investimento produtivo xenérico en pemes.

Liña de actuación 07: apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón a aceptación do beneficiario a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así mesmo, o beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2 do devandito Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Para a avaliación das 10 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 10.4 das bases reguladoras da axuda:

a) Interese para o tecido empresarial de Galicia da infraestrutura: 25 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:

i. Grao de necesidade da infraestrutura baseado nos servizos ofertados, na inexistencia previa no territorio de infraestruturas competidoras e non interferencia con iniciativa privada local: ata 5 puntos.

ii. Número e dimensión económica dos axentes promotores da infraestrutura, así como das entidades usuarias ou interesadas no proxecto que establezan claramente o seu interese mediante as correspondentes cartas de adhesión motivadas: ata 8 puntos.

iii. Vantaxes ambientais, de existiren: ata 3 puntos.

iv. Grao de innovación tecnolóxica da infraestrutura: ata 4 puntos.

v. Grao de aliñación cos obxectivos da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0 e cos obxectivos da RIS3 de Galicia: ata 5 puntos.

b) Achegas públicas ou privadas ao proxecto, na forma de fondos, inmobles, instalacións, compromisos de cesión a longo prazo, equipamento e outros: 15 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas asignando maior puntuación ás solicitudes cuxas achegas sexan máis importantes cualitativa ou cuantitativamente.

c) Plan de explotación e modelo de xestión: 20 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:

i. Sustentabilidade, coherencia, concreción do plan de negocio presentado, obxectivos do proxecto e xustificación con base neles da necesidade das partidas económicas consignadas: ata 5 puntos.

ii. Sistema de acceso para terceiros, marco de admisión, regulación e tarificación, limitacións, contraprestacións e outras características, primando aquelas que supoñan un maior beneficio para os usuarios da infraestrutura: ata 7 puntos.

iii. Período de amortización dos investimentos para os cales se solicite axuda, primando aqueles que teñan un baixo período de amortización: ata 5 puntos.

iv. Compromisos de contratación de persoas con discapacidade ou diversidade funcional máis aló dos mínimos establecidos: ata 3 puntos.

d) Impacto do plan de actividades asociado á infraestrutura: 15 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:

i. Actividades de formación, difusión e dinamización do tecido económico propostas: ata 7 puntos.

ii. Actividades de fomento da internacionalización e innovación: ata 4 puntos.

iii. Actividades de atracción de talento e fomento do emprendemento e outras similares: ata 4 puntos.

e) Proposta asociada a un hub de innovación dixital declarado estratéxico para Galicia, que deberá vir xunto co informe positivo da Axencia Galega de Innovación sobre o seu interese para a estratexia galega de hub, e que se asignará a un máximo de dous proxectos por cada hub estratéxico: 25 puntos.

Unha vez finalizada a fase de defensa pública do proxecto e analizados conxuntamente os informes técnicos dos 10 proxectos presentados dentro do prazo establecido e tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación e do procedemento establecido no artigo 10.5, a Dirección da Área de Competitividade do Igape, formula a seguinte proposta:

2. Proposta provisional:

Primeiro. Aprobar de forma provisional a concesión das subvencións aos 5 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 15.576.714,76 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Denegar as 2 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no Anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Arquivar sen máis trámite as 3 solicitudes relacionadas no Anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

Cuarto. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.

Quinto. Publicar a presente proposta provisional de resolución na páxina web do Igape www.tramita.igape.es, de conformidade co disposto no artigo 11.1 das bases reguladoras.

Sexto. Concederlle aos interesados un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta proposta, para formular as alegacións que consideren oportunas.

Sétimo. Requirirle ao líder da agrupación, no caso de que a solicitude a presentara o líder, para que no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta proposta, presente a documentación acreditativa da constitución da nova sociedade que vai recibir a axuda, que se relaciona no artigo 11.2 das bases reguladoras. De non recibir esta documentación en prazo, teráselle por desistido da súa solicitude e arquivarase o expediente. A sociedade constituída será na que recaerá a resolución definitiva de concesión.

3. Carácter provisional desta proposta:

Esta proposta de resolución é provisional, polo que non crea dereito algún a favor do beneficiario proposto fronte ao Igape, mentres non se publique a resolución definitiva.

Os interesados disporán dun prazo de 10 días naturais para acceder á Oficina virtual do Igape no enderezo www.tramita.igape.es, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descargar a súa proposta de resolución individual.

Unha vez examinadas as alegacións, se é o caso, presentadas e a documentación recibida no caso de que a solicitude a presentara o líder da agrupación, confeccionarase a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes e o director xeral do Igape ditará a resolución definitiva, a cal será publicada no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es, de acordo co establecido no artigo 12.4 das bases reguladoras.

Sinatura da proposta provisional:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director do IGAPE	Juan Manuel Cividanes Roger	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA DE CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención	Tramo (artigo 10.5)
IG264.2020.1.9	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) (G36983575)	Infraestructura Logística 4.0	79,00	28/06/2022	28/07/2022	4.353.320,00	100,00	4.353.320,00	Axuda superior a 2 M€
IG264.2020.1.8	CLUSTER TIC GALICIA (G70157581)	Centro de Servicios Avanzados Ciudad de las TIC (CSA-TIC)	73,00	28/06/2022	28/07/2022	5.059.900,00	95,34	4.824.078,69	Axuda superior a 2 M€
IG264.2020.1.3	ASOC. EMP. POLIGONO. INDUSTRIAL. TAMBRE (G15037112)	SIONLLA BIOTECH	72,00	28/06/2022	28/07/2022	5.030.035,00	80,06	4.027.008,21	Reserva orzamentaria única (art. 10.5.c)
IG264.2020.1.1	GRUPO INTAF, S.L. (B15217649)	CONSORCIO GALLEGO DE TRATAMIENTOS TÉRMICOS	64,00	28/06/2022	28/07/2022	2.615.880,00	76,45	1.999.963,86	Axuda entre 500.000 € e 2 M€
IG264.2020.1.10	CLUSTER TIC GALICIA (G70157581)	Centro de servicios avanzados Galicia TurisTic	41,00	28/06/2022	28/07/2022	372.344,00	100,00	372.344,00	Axuda inferior a 500.000 €

TOTAL:

15.576.714,76

ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA DE CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG264.2020.1.4	DEL RIO MAR, S.L. (CFIC115408)	CONSTRUCCIÓN DE EMBARCACION RECREATIVA	Incumprimento artigo 1. Proxectos obxecto de apoio das bases reguladoras
IG264.2020.1.6	E NOS TAMEN, SL. (CFIC115411)	EMBARCACION USO RECREATIVO	Incumprimento artigo 1. Proxectos obxecto de apoio das bases reguladoras

ANEXO III

Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA DE CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de arquivo
IG264.2020.1.2	DESIGN THINKERS & MAKERS, S.L. (B70515564)	Campusiño	DESISTENCIA DO SOLICITANTE
IG264.2020.1.5	CLEXANLAC, S.L. (EN CONSTITUCIÓN) (CFIC115407)	CLEXANLAC: Centro de Fabricación Avanzado de Derivados Lácteos de Alto Valor Añadido	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG264.2020.1.7	FABSPACE, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (F27843069)	Fablab Santiago de Compostela fabricacion avanzada	DESISTENCIA DO SOLICITANTE